

MODELO SOGAMA

DATOS XESTIÓN RESIDUOS URBANOS 2018

O modelo Sogama fundaméntase na aplicación prioritaria do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), que complementa coa recuperación enerxética da parte non reciclable.

A súa xestión céntrase en dúas fraccións de refugallos: bolsa negra, é dicir, o residuo convencional depositado pola cidadanía nos contedores verdes; e bolsa amarela, isto é, os envases de plástico, latas e briks introducidos nos contedores amarelos de recollida selectiva.

En novembro de 2018 púxose en marcha a nova planta de recuperación de materiais contidos no lixo en masa, permitindo incrementar así a capacidade de tratamento do Complexo Medioambiental de Cerceda nun 81% (chegando a 1 millón de toneladas anuais).

Así mesmo, esta instalación, concibida en liña coa industria 4.0, potenciará a reciclaxe e contribuirá a alcanzar o vertido técnico cero en 2020.

Os datos correspondentes ao ano 2018 son os seguintes:

- Reciclaxe:	137.327 toneladas
- Valorización enerxética:	524.655 toneladas
- Vertedoiro:	259.996 toneladas

